

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 402/2009, DO 30 DE XUÑO.**

Aprobadas as bases por Resolución da Alcaldía nº 313/2009, do 1 de xuño , para a contratación laboral temporal, na modalidade de” obra ou servizo determinado” de oito peóns para a limpeza de praias no Concello de Cabana de Bergantiños, con unha duración de 2 meses e medio.

Vista Resolución da Alcaldía nº 391/2009 do 25 de xuño pola que se acepta a renuncia presentada por D. José Manuel Abelenda Fondo con DNI nº 32.835.505-S ao seu posto como peón de limpeza de praias, dando de baixa o contrato laboral como peón de limpeza de praias 2009, con efectos de 25 de xuño de 2009, por renuncia voluntaria, e na que asimesmo se concede a D<sup>a</sup> Vanessa Parga Pose con DNI nº 47.371.883-W, como aspirante na lista de reserva para cubrir a vacante, un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para que achegue toda a documentación esixida nas bases de selección.

Visto o escrito que presenta Dna. Vanessa Parga Pose con DNI nº 47.371.883-W o día 29 de xuño de 2009 (RE nº 2060) como aspirante proposto para cubrir a vacante de peón de limpeza de praias 2009, loga da renuncia de D. José Manuel Abelenda Fondo, no que renuncia ó citado posto por motivos persoais.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a renuncia presentada por Dna. Vanessa Parga Pose con DNI nº 47.371.883-W para cubrir a vacante de peón de limpeza de praias 2009, loga da renuncia de D. José Manuel Abelenda Fondo, por motivos persoais

**SEGUNDO.-** Conceder a D. Desiderio Tasende Andrade con DNI nº 76.350.419-X, como aspirante na lista de reserva para cubrir a vacante, un prazo de 3 días hábiles a partir da publicación da presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello para que achegue toda a documentación esixida nas bases de selección

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios deste Concello e na súa páxina web.

Mándao e asínao o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o trinta de xuño de dous mil nove, diante de min, a Secretaria accidental, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria acctal,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Gema Vázquez López.